



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOGAIS

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da provincia)

Dna. Lorena Peiteado Pérez
(Letrada do Gabinete Xurídico Territorial)

VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE DARBO

Dna. Asunción Camaño Fandiño
D. José Manuel Cordeiro Fandiño

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 16/04/2012, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “ **Porteliña e outros** ” solicitados a prol dos veciños da **CMVMC de Darbo**, concello de Cangas.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 27/01/2009, don Alfredo Moldes Guardado, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Darbo, pertencente ao Concello de Cangas, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación do “Monte da Porteliña e outros ”, cun total de 14 parcelas.

O 25/08/2009 o Servizo de Montes indica á secretaria do Xurado de Montes Veciñais que a planimetría presentada é insuficiente e contradictoria entre o formato dixital e o cartográfico.

O 27/08/2009 a secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais informa ao solicitante que unha vez revisada a documentación aportada para a clasificación das parcelas solicitadas é necesario corrixir a planimetría conforme ao indicado polo Servizo de Montes.

O 11/09/2009 dona Rosalía Castro Ríos, enxeñeira de montes en representación da Comunidade de Montes de Darbo aporta planimetría corrixida segundo os requirimentos do Servizo de Montes.



O 18/02/2010 o Servizo de Montes indica á secretaria do Xurado de Montes Veciñais que a nova planimetría aportada é correcta e que das 26 parcelas solicitadas de clasificación (algunhas parcelas foran divididas á súa vez en dúas ou tres parcelas ao estaren atravesadas por vías públicas), xa estaban clasificadas sete, ficando sen clasificar un total de 19.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, na súa sesión de 07/06/2010, incoar o correspondente expediente de clasificación das 19 parcelas referidas, baixo o nome de "Monte da Porteliña e outros".

O 11/06/2010 o Servizo de Montes solicita ao Xefe da Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común o correspondente informe preceptivo conforme ao establecido no artigo 20 do Decreto 2260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común.

O 01/07/2010 o Concello de Cangas, requirido para presentar alegacións ao expediente de clasificación, solicita cartografía máis concreta que permita identificar as parcelas.

O 06/07/2010 a secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais remite a planimetría requirida.

O 13/07/2010 o Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais remite o informe preceptivo.

O 27/07/2010 a secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais solicita á Comunidade de Montes solicitante a relación de colindantes, que é aportada mediante escrito de 11/08/2010.

O 31/08/2010 o Rexistrador da Propiedade de Cangas remite a correspondente certificación, indicando en primeiro lugar que non aparecen inscritas neste rexistro a nome de persoa algunha tal e como se describen, agás parte da parcela denominada no expediente "Rocha de San Pedro 1", que aparece inscrita a nome Manuel Lagoa Iglesias e M^a Concepción Millán Riveiro, con inscrición primeira de 07/05/2010 e declarando exceso de cabida.

SEGUNDO.- Durante o tramite de audiencia presenta escrito o Concello de Cangas con data 18/11/2010 no que alega que unha das parcelas solicitadas, denominada Outeiro, está incluída no Inventario de Bens Municipais.

Tamén presenta escrito don Jesús Taboada Vega, alegando cuestións de propiedade na parcela Porteliña I e negando o aproveitamento veciñal. Presenta fotocopias de escrituras e informe pericial.

Asimesmo presenta escrito de alegacións a Comunidade de Montes Veciñais de Darbo, aportando documentación para abundar na acreditación do aproveitamento veciñal das parcelas solicitadas. Aceptan a titularidade municipal, o que de facto supón unha renuncia á solicitude de clasificación.

TERCEIRO.- Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

CONCELLO: CANGAS
PARROQUIA: DARBO



NOME DO MONTE: APARCAMIENTO

Superficie: 408,90 m². Aprox.

A parcela linda con:

Norte

Carretera

Sur

Parcela 86, polígono 49, Titular: Mercedes Alonso González.

Leste

Carretera

Oeste

Linde de costas

NOME DO MONTE: AREAMILLA 1

Cabida: 3.559 m² aprox.

Polígono 50, parcela 162.

A parcela linda con:

Norte

Camiño

Sur

Linde de costas

Leste

Camiño

Oeste

Linde de costas

NOME DO MONTE : AREAMILLA 2.

Superficie = 5.768 m² aprox.

Polígono 50, parcela 671

A parcela linda con:

Norte

Camiño

Sur

Linde de costas

Leste

Linde de costas

Oeste

Linde de costas

NOME DO MONTE: BARREIRAS 8.

Parcela 102 e 103, polígono 49, Superficie= 5.399 m² aprox.

Norte

Camiño.



Sur

Camiño.

Leste

Carretera.

Oeste

Camino

NOME DO MONTE: CAPELA DE STA. MARTA.

Polígono 49, parcela 256. Superficie= 0,0795 ha aprox.

A parcela linda con:

Norte

Parcela 265, polígono 49, Titular: Antonia Broullón Martínez.

Sur

Camiño

Leste

Camiño

Oeste

Parcela 266, polígono 49, Titular: José Rial González.

NOME DO MONTE: COSTA DE BARREIROS E BALEA.

Polígono 50, parcela 277, superficie : 20.781 m² aprox.

Norte

Camiño

Sur

Linde de costas

Leste

rio

Oeste

Parcela 395, polígono 50, Titular: Desconocido.

Polígono 50, parcela 278 superficie: 1.795 m² aprox.

Norte

Camiño

Sur

Parcela 277, polígono 50, Titular: C.M.V.M.C. de Darbo

Leste

Parcela 328, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 001, polígono 50, Titular: Antonio Broullón Sotelo.

Oeste

Parcela 395, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 405, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 404, polígono 50, Titular: Concepción González Alonso.

Parcela 290, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 284, polígono 50, Titular: Ubaldina-Florinda González Entenza.



La totalidad de la parcela es Polígono 50, parcela 277 y 278 es de 22.576 m² aprox.

A totalidade de estas dúas parcelas lindan con:

Norte

Camiño

Parcela 328, polígono 50, Titular: Desconocido.

Sur

Linde de costas

Leste

Camiño

Parcela 001, polígono 50, Titular: Antonio Broullón Sotelo.

Oeste

Parcela 395, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 405, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 404, polígono 50, Titular: Concepción González Alonso.

Parcela 290, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 284, polígono 50, Titular: Ubaldina-Florinda González Entenza.

Polígono 50, parte parcela 279. S= 980 m² aprox.

As parcelas lindan con:

Norte

Camiño

Sur

Entrada

Leste

Camiño

Oeste

Parcela 279, polígono 50, Titular: Concepción González Alonso.

Parcela 280, polígono 50, Titular: Marcelina González Lemos.

Parcela 403, polígono 50, Titular: Concepción González Alonso.

Polígono 50, parcela 276. Superficie: 21.775 m² aprox.

A parcela linda con:

Norte

Parcela 331, polígono 50, Titular: Evaristo M. González Sotelo.

Parcela 332, polígono 50, Titular: Ángel Goberna.

Parcela 16, polígono 50, Titular: Alejandro Pazo Villar.

Parcela 335, polígono 50, Titular: Desconocido.

Parcela 349, polígono 50, Titular: José González Fernández.

Parcela 86, polígono 50, Titular: Luis Hernández Nores.

Parcela 38, polígono 50, Titular: Peregrina Rial.

Sur

Linde de costas



Este

Parcela 37, polígono 50, Titular: Soledad Piñeiro Martínez.

Parcela 355, polígono 50, Titular: José Pintos Entenza.

Parcela 353, polígono 50, Titular: José Mariño Gamallo.

Parcela 354, polígono 50, Titular: Desconocido.

Oeste

Camiño

Polígono 50, parcela 352 e 518 S= 541 m² aprox.

A parcela linda con:

Norte

Parcela 3, polígono 50, Titular: Luis Rial Sotelo.

Parcela 7, polígono 50, Titular: Arsenio Piñeiro Martínez.

Parcela 329, polígono 50, Titular: Desconocido

Sur

Camino

Leste

Parcela 7, polígono 50, Titular: Arsenio Piñeiro Martínez.

Oeste

Camiño

NOME DO MONTE:DUNA DE STA. MARTA.

Superficie= 0,1502 ha aprox.

A parcela linda con:

Norte

Parcela 212, polígono 49, Titular: Francisco González Cerviño.

Parcela 452, polígono 49, Titular: M^a Isabel Nuñez González.

Parcela 453, polígono 49, Titular: José Jesús Rodríguez Nuñez.

Parcela 450, polígono 49, Titular: Juana Piñeiro Pousada.

Sur

Linde de costas

Leste

Parcela 36, polígono 49, Titular: Tomas Ramón González Bolívar.

Oeste

Parcela 86, polígono 49, Titular: Mercedes Alonso González.

NOME DO MONTE:LAGARTO.

Parcela 222, polígono 24, Superficie= 0,27 ha aprox.

Norte

Camiño.

Sur



Leste

Parcela 280, polígono 24, Titular: Desconocido.

Parcela 221, polígono 24, Titular: Desconocido.

Oeste

Camino y después Parcela 99, polígono 24, Titular: Carmen Molanes Fernández.

Parcela 231, polígono 24, Titular: Desconocido.

Parcela 230, polígono 24, Titular: Desconocido.

NOME DO MONTE:LAXE NEGRA 1.

Polígono 49, parcela 281. S= 653 m² aprox.

A parcela linda con:

Norte

Camiño

Sur

Parcela 282, polígono 49, Titular: Bienvenido Piñeiro Barreiro.

Leste

Parcela 496 polígono 49.

Oeste

Camiño

NOME DO MONTE:LAXE NEGRA 2.

Polígono 49, parcela 248. . S= 4.729 m² aprox.

A parcela linda con:

Norte

Camiño

Sur

Camiño

Leste

Camiño

Parcela 63, polígono 49, Titular: Desideria González Rial.

Parcela 249, polígono 49, Titular: Serafín Piñeiro Lemos.

Oeste

Parcela 694, polígono 49, Titular: Desconocido.

Parcela 250, polígono 49, Titular: Desconocido.

Parcela 251, polígono 49, Titular: Desconocido.

Parcela 252, polígono 49, Titular: Desconocido.

NOME DO MONTE:MONTE PIÑEIRO

La parcela de Monte Piñeiro, al superponerla sobre las parcelas del catastro, se observa que el catastro no se ajusta a la realidad.

Las parcelas a las que afecta son todas del polígono 22, a todas afecta en parte:



Parcela 46: 146.95 m² aprox.
Parcela 49: Superficie 3161,51 m² aprox.
Parcela 51: 209.15 m² aprox.
Parcela 52: 467.87 m² aprox.
Parcela 53: 179.30 m² aprox.
Parcela 54: 129,68 m² aprox.
Parcela 121: 20.0 m² aprox.
Parcela 158: 59.95 m² aprox.
Parcela 159: 26.5 m² aprox.
Parcela 188: 1068.22 m² aprox.
Parcela 190: 401.65 m² aprox.

Zona de camino en el catastro que en realidad es parcela de monte: 425.22 m² aprox.

Los lindes son:

Norte: Parcela 54, 53, 190 y camino.
Sur: camino, 160, 49.
Este: 52, 46, camino, 49.
Oeste: 189, 190, 160, 51, 49.

NOME DO MONTE: OUTEIRO (ZONA RECREATIVA).
Superficie= 0,0853 ha aprox.

A parcela linda con:

Norte

Camiño

Sur

Parcela 331, polígono 50, Titular: Evaristo M. González Sotelo.

Parcela 16, polígono 50, Titular: Alejandro Pazo Villar.

Leste

Camiño

Oeste

Camiño

NOME DO MONTE: MONTE DA PORTELIÑA 1.
Parcela 43, polígono 23, Superficie= 2,31 ha aprox.

Norte

Parcela 212, polígono 23, Titular: Costas González Benjamín.

Parcela 164, polígono 23, Titular: Desconocido

Parcela 12, polígono 23, Titular: Costas González Benjamín.

Parcela 09507, polígono 23, Titular: Desconocido.



Parcela 09004, polígono 23, Titular: Ayuntamiento de Cangas.

Parcela 71, polígono 23, Titular: Desconocido.

Sur

Camino

Parcela 9512, polígono 23, Titular: Desconocido

Parcela 42, polígono 23, Titular: Monte vecinal Darbo.

Parcela 173, polígono 23, Titular: Desconocido.

Leste

Parcela 70, polígono 23, Titular: Martínez Sotelo Rogelia.

Parcela 69, polígono 23, Titular: Cabral Cordeiro Araceli.

Parcela 68, polígono 23, Titular: Cabral Cordeiro Araceli.

Parcela 67, polígono 23, Titular: Cabral Cordeiro Araceli.

Parcela 66, polígono 23, Titular: Martínez Sotelo Celestina.

Parcela 65, polígono 23, Titular: Ferreiro Núñez María.

Parcela 64, polígono 23, Titular: Piñeiro Broullon Manuel.

Parcela 63, polígono 23, Titular: Martínez Villar Hermelinda.

Parcela 62, polígono 23, Titular: Alonso Pousa Eugenia.

Parcela 61, polígono 23, Titular: Saa Martínez Andrea.

Parcela 60, polígono 23, Titular: Cosque José.

Parcela 59, polígono 23, Titular: Iglesias Piñeiro Pilar.

Parcela 58, polígono 23, Titular: Cordeiro Villar Inés.

Parcela 57, polígono 23, Titular: Docio Pazo Carmen.

Parcela 56, polígono 23, Titular: Rial Villar Javier.

Parcela 55, polígono 23, Titular: Pastoriza Graciana.

Parcela 54, polígono 23, Titular: Cordeiro Villar Josefa.

Parcela 53, polígono 23, Titular: Cordeiro Villar Adelina.

Parcela 52, polígono 23, Titular: Rial Cordeiro Peregrina.

Parcela 51, polígono 23, Titular: Rial Cordeiro José.

Parcela 49, polígono 23, Titular: Fernández Rodríguez Juana-María.

Parcela 47, polígono 23, Titular: Docio Pazo Roman.

Parcela 46, polígono 23, Titular: Docio Pazo Antonio.

Parcela 45, polígono 23, Titular: Iglesias Piñeiro Pilar.

Parcela 44, polígono 23, Titular: Broullón Soliño Manuel.

Parcela 157, polígono 23, Titular: Desconocido.

Carretera A Magdalena-Aldan.

Oeste

Camino y Parcela 74, polígono 23, Titular: Monte vecinal e Man Común de Darbo.

NOME DO MONTE: MONTE DA PORTELIÑA 2.

Parcela 74, polígono 23, Superficie= 0,47 ha aprox.

Norte

Camino



Sur

Parcela 176, polígono 23, Titular: Desconocido.
Parcela 75, polígono 23, Titular: Magariños Cordeiro Manuel.
Parcela 175, polígono 23, Titular: Desconocido.
Parcela 174, polígono 23, Titular: Desconocido.
Parcela 36, polígono 23, Titular: Rial Vidal Remigia.
Parcela 173, polígono 23, Titular: Desconocido.

Leste

Camiño e parcela 43 do polígono 23 pertencente a Comunidade de Montes Vecinales e Man Común de Darbo.

Oeste

Parcela 165, polígono 23, Titular: Desconocido.
Parcela 224, polígono 23, Titular: Piñeiro Vázquez Carlos.
Parcela 223, polígono 23, Titular: Lorenzo Rodríguez Manuel.
Parcela 81, polígono 23, Titular: Rial Javier.
Parcela 80, polígono 23, Titular: Vidal Eduardo.
Parcela 79, polígono 23, Titular: Graña Rodríguez Avelino.
Parcela 78, polígono 23, Titular: Soliño Vidal Perfecta.
Parcela 77, polígono 23, Titular: Soliño Vidal Pilar
Parcela 76, polígono 23, Titular: Sotelo Sotelo Estanislao.

NOME DO MONTE: MONTE ROCHA DE SAN PEDRO 1

Parcela 73 y 41, polígono 23, Superficie= 0,15 ha aprox.

Norte

Camino y parcela 43, polígono 23, pertencente a Comunidade de Montes Vecinales e Man Común de Darbo.

Sur

Camiño

Leste

Parcela 9512, polígono 23, Titular: Desconocido
Carretera A Magdalena-Aldan.

Oeste

Parcela 173, polígono 23, Titular: Desconocido.

NOME DO MONTE: MONTE ROCHA DE SAN PEDRO 2

Parcela 479 y 382, polígono 47, e parcela 9001 Superficie= 0,13 ha aprox.

Norte

Camiño e carretera A Magdalena-Aldan

Sur

Parcela 479, polígono 47, Titular: González Portas Juan.



Leste

Camiño.

Oeste

Carretera A Magdalena-Aldan

NOME DO MONTE: MONTE SAN ANTONIÑO

Parcela 174, polígono 21, Superficie= 0,3844 ha aprox.

Norte

Parcela 382, polígono 21, Titular: Desconocido.

Sur

Parcela 175, polígono 21, Titular: Desconocido

Leste

Parcela 187, polígono 21, Titular: Desconocido.

Oeste

Carretera Cangas-Aldan.

NOME DO MONTE: MONTE DE STA. MARTA.

Polígono 49, parcela 142. S= 2.687,00 m² aprox.

A parcela linda con:

Norte

Parcela 134, polígono 49, Titular: Antonio Teijeiro Pérez.

Parcela 135, polígono 49, Titular: M^a Josefa Leal Lemos.

Sur

Parcela 143, polígono 49, Titular: Desconocido.

Leste

Parcela 572, polígono 49, Titular: Desconocido.

Parcela 131, polígono 49, Titular: Adelina Álvarez Franco.

Parcela 132, polígono 49, Titular: Victoriano Fernández Barreiro.

Parcela 133, polígono 49, Titular: Desconocido

Oeste

Parcela 152, polígono 49, Titular: Desconocido

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando



consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños?”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

A isto debe engadirse, como ben sinala para casos análogos o Xulgado Contencioso-Administrativo Nº3 de Pontevedra, en sentenza de 29 de xuño de 2009:

“La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/89, lo cual excluye de su examen cuestiones de propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria y que no obstan a la clasificación del MVMC.

Tampoco es obstáculo a tal fin que el monte figure incluido, a nombre de otras personas o entidades, en catálogos, inventarios o registros públicos, salvo que dicha inclusión sea consecuencia de una sentencia dictada en juicio declarativo (Stc. de TSX de Galicia de 8 de mayo 2008 donde se reproduce con claridad la doctrina del TS que define como única razón válida para la clasificación la constante posesión continuada del aprovechamiento de los montes por los vecinos de forma mancomunada, sin que frente a este estado posesorio de los aprovechamientos del monte, no necesariamente forestales, puedan prevalecer los actos de disposición de los mismos siquiera hayan tenido acceso al Registro de la Propiedad...”

Sobre os tipos de aproveitamento, este ha de entenderse en sentido amplo no referido aos usos posibles, que poden ser variados e distintos en cada momento e parcela. A xurisprudencia establecida así o aclara. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Sala do Contencioso-Administrativo, en sentenza nº 1239/2002 establece que “...a Ley 13/89 di que os montes veciñais sono con independencia das súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria. Por iso o feito de que o uso actual principal da parcela litixiosa non sexa agrícola, forestal ou gandeiro, senón recreativo, non é obstáculo para a súa clasificación como monte veciñal...”.

E a doutrina emanada da Tribunal Supremo, a través da súa Sala Contencioso-Administrativa, é clara cando xa en sentenza do 22 de febreiro de 1988 establece que “...la Abogacía del Estado presenta, como primera causa de oposición, la de aplicar el concepto de monte a los terrenos que se reclaman como vecinales; cuestión esta que no puede resolverse ante los conceptos que se explican en las disposiciones legales, por cuanto se observa que tanto la Ley de Montes como su Reglamento, o las Leyes de Montes Vecinales en Mano Común de 1968 o la vigente de 1980 atienden en sentido primordial al aprovechamiento forestal, respondiendo a una política aneja de protección del monte y al cultivador desde el punto de vista de la repoblación forestal, criterio este que, en relación al ámbito específico del monte vecinal en mano común, característico de Galicia, fue superado por la Jurisprudencia en atención a sus características consuetudinarias, en el sentido de estimar que el monte no sólo podía tener una finalidad forestal..., deduciéndose de ello que ese criterio jurisprudencial ha sido aplicado por los Jurados Provinciales con un sentido amplio, atendiendo a la explotación y el aprovechamiento por el común de los vecinos e interpretando la Ley conforme indica el Código Civil en su artículo 3º, en atención a las circunstancias de tiempo y lugar.”

A comunidade de montes solicitante presentou unha extensa documentación para probar o uso polos veciños das 19 parcelas solicitadas de clasificación. A documentación é variada e reflicte tamén o variado uso que os veciños lles dan ás parcelas en función das súas necesidades produtivas ou sociais. Porque os veciños están exercendo o seu dereito de uso cando reclaman no ano 2007 perante o Concello, con ocasión da redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, que a nova normativa urbanística reconeza o carácter veciñal da maioría das parcelas solicitadas, ou cando as asociacións de veciños solicitan á comunidade de montes o uso dalgunhas parcelas, ou cando a comunidade de montes contrata unha cuadrilla de operarios para limpar moitas das parcelas



solicitadas. Certificacións, solicitudes, notas de prensa, contratos con madeireiros e empresas eléctricas, reclamacións diante do Concello e mesmo diante da Consellería de Medio Rural. Un amplo corpus documental ilustra a preocupación, o uso e a defensa destas parcelas comunais por parte dos veciños, tanto das apropiación por particulares como diante da administración local e autonómica. Deste xeito, o informe do Servizo de Montes no que refire que a maioría das parcelas non presenta signos de aproveitamento recente ha de entenderse no sentido de que no curto tempo dunha visita e inspección de campo non se atoparon indicios de traballos silvícolas realizados nos días ou semanas inmediatamente anteriores, pois en varias parcelas o citado informe recoñece outros usos, de tipo social ou recreativo.

Polo exposto, ponse en evidencia que nos terreos que se pretenden clasificar existe unha utilización periódica veciñal nos termos aplicables do artigo 1 da Lei 13/89 por parte da CMVMC de Darbo.

Terceiro.- Respecto as alegacións do Concello de Cangas, a súa información das vías da zona que están incluídos no Inventario de Bens Municipal non ten transcendencia, pois a solicitude da Comunidade de Montes de Darbo soamente inclúe as pistas forestais contidas nas parcelas solicitadas. Tamén no Inventario de Bens Municipais está a parcela denominada “Outeiro” segundo a alegación municipal. Porén, o Concello nada alega das demais parcelas sobre a solicitude da Comunidade de Montes de Darbo reclamando que o Avance do PXOM respecte e recoñeza o seu carácter veciñal, xa recoñecido no antigo Catastro de Rústica de Cangas. As alegacións dun particular refírense basicamente a cuestións de propiedade.

CONCLUSIONES DA INVESTIGACIÓN

Primeiro.- Unha vez analiza a documentación presentada e o informe do Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais chegase as seguintes conclusións:

1- Que a parcela denominada “**Aparcamiento**” é utilizada polos veciños para aparcamento de vehículos, segundo o informe do Servizo de Montes. A Asociación de Veciños “Santa Marta” certifica tamén ese uso e a súa limpeza polos veciños. Catro traballadores contratados pola Comunidade de Montes declaran ter limpadado esta parcela. A Comunidade de Montes inclúe esta parcela entre as que son alegadas como veciñais no 2007 no PXOM. No catastro está a nome do Concello, pero éste non o inclúe no Inventario de Bens municipais.

2- Que as parcelas denominadas “**Areamilla 1**” e “**Areamilla 2**” son dous baldíos próximos á costa. O informe do Servizo de Montes cita eucaliptos illados na primeira e recolle que non se aprecia aproveitamento recente. A Comunidade de Montes alega que se realizaron cortas de eucaliptos no pasado, especialmente nos espazos lindantes coas fincas particulares, a petición dos seus propietarios. O catastro cita como titulares “os veciños de Balea”, o Servizo de Costas e “descoñecido”. A Comunidade de Montes inclúe esta parcela entre as que son alegadas como

veciñais no PXOM e presenta contratos de catro traballadores que declaran ter limpadado estas parcelas. A Asociación de Veciños “San Roque” certifica que na parcela “**Arcamilla 2**” realiza todos os anos a fogueira de San Xoán, celebración na que participa a Comunidade de Montes.

3- Que a parcela denominada “**Barreiras 8**” ten como titulares, segundo o catastro, aos veciños de Cunchido nunha parte e noutras dúas “en investigación”. O informe do Servizo de Montes indica que hai unha canteira abandonada e que tamén se observan eucaliptos de rexeneración natural, piñeiros e carballos, o que pode ser indicios de aproveitamento forestal. A Comunidade de Montes alega que os eucaliptos son rexenerados a partir da corta de 2004 e que todos os anos se limpa as zonas próximas ás casas, segundo fotografías que adxunta.



Catro traballadores contratados pola Comunidade de Montes declaran ter limpado esta parcela e a Comunidade de Montes inclúe esta parcela entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007.

4- Que a parcela denominada **“Capela”** é usada polos veciños, segundo informe do Servizo de Montes, como romaría e aparcamento. O catastro recolle como titular da parcela a Comunidade de Montes de Darbo, que, nas súas alegacións, aporta contratos de varios operarios para facer traballos silvícolas, dos cales catro presentan declaración xurada de ter limpado esta parcela. A Comunidade de Montes inclúe esta parcela entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007. Presentan tamén solicitudes da Asociación de Veciños “Pleamar” á Comunidade de Montes para celebrar nela a romaría o derradeiro sábado de xullo e nunha delas agradecen o desbroce e a poda dos castiñeiros que hai pola linde.

5- Que a parcela denominada **“Costa de Barreiras e Balea”** consta no catastro como pertencente aos veciños de Balea e a tres particulares. O informe do Servizo de Montes fai constar que nesta parcela hai eucaliptos cortados, ruínas dun muíño restauradas como área recreativa e unha senda peonal costeira, o que son indicios de uso forestal e social. Catro traballadores contratados pola Comunidade de Montes declaran ter limpado esta parcela e a Comunidade de Montes inclúe esta parcela entre as que son alegadas como veciñais no 2007 no PXOM. Ademais, a Comunidade de Montes de Darbo presenta copia de convenio asinado co Concello de Cangas en xullo de 2009 polo que recibe unha subvención para limpar e mellorar as instalacións de uso social.

6- Que a parcela denominada **“Duna de Santa Marta”** consta no Catastro a nome do Servizo de Costas, un particular e “en investigación”. Segundo o informe do Servizo de Montes, a parcela ten herba rala e arbustos. A Comunidade de Montes inclúe esta parcela entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007 e di que ten un alto valor ecolóxico.

7- Que a parcela denominada **“Monte Lagarto”** consta no catastro como titulares o Concello de Cangas, dous propietarios particulares e una anaco “en investigación”. O informe do Servizo de Montes indica que nesta parcela hai fustal de piñeiro, eucalipto e carballo, o que son indicios de aproveitamento forestal. A Comunidade de Montes de Darbo, nas súas alegacións, aporta contratos de varios operarios para facer traballos silvícolas, dos cales catro presentan declaración xurada de ter limpado esta parcela. Tamén inclúe a Comunidade de Montes esta parcela entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007. Alega tamén que a limpa todos os anos, e presenta fotografías do mesmo.

8- Que as parcelas denominadas **“Laxe Negra 1”** e **“Laxe Negra 2”**, próximas entre si, constan no catastro a nome dos veciños de Cunchido, o Concello de Cangas e dous particulares. O informe do Servizo de Montes indica que atopou nestas parcelas herba, arbustos e piñeiros, o que son indicios de aproveitamento forestal. Catro traballadores contratados pola Comunidade de Montes declaran ter limpado esta parcela e a Comunidade de Montes inclúe esta parcela entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007.

Estas parcelas son das que máis están a sufrir a presión usurpadora por parte de particulares. A Comunidade de Montes de Darbo presenta copia de varias denuncias contra particulares por desmontes en terreo veciñal, desde 2001 a 2009, diante do Concello de Cangas e a Consellería de Medio Rural, con informe do axunte forestal incluído. En todo caso as parcelas das que se solicita a clasificación están fóra das usurpacións, pois o acceso está libre e expedito.

Na parcela “Laxe Negra 2” a Comunidade de Montes presenta solicitude de queima de restos de corta en maio de 2007. Sobresemento do expediente por presunta queima ilegal que provocou incendio porque a denunciada era traballadora da Comunidade de Montes de Darbo, pero



procédese a denunciar á Comunidade por non tomar medidas na queima autorizada, co resultado de multa de 250 € en 2010. Fotocopias de todas as incidencias no expediente. A Comunidade de Montes presenta fotografías da limpeza en 2007 da parcela, con cartel da Comunidade.

9- Que as parcelas denominadas **“Monte Piñeiro 1”** e **“Monte Piñeiro 2”** constan no catastro a nome da Comunidade de Montes de Darbo, Concello de Cangas, tres particulares e “en investigación”. O informe do Servizo de Montes indica que se aprecian carballos, eucaliptos e rexenerado de piñeiros. A Comunidade alega que explota forestalmente as parcelas e presenta recibos de varios pagamentos de Madeiras Estévez e Hijos por venda de eucaliptos, así como proba documental de dous lotes de madeira subastados pola Consellería de Medio Rural en 2008 e 2009. Ademais a Comunidade de Montes aporta contratos de varios operarios para facer traballos silvícolas, dos cales catro presentan declaración xurada de ter limpadado estas parcelas. Tamén inclúe a Comunidade estas parcelas entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007.

10- Que a parcela denominada **“Outeiro”** consta no catastro a nome do Concello de Cangas e “en investigación”. O informe do Servizo de Montes indica que esta parcela está dedicada a parque infantil, con mobiliario urbano e sauces. O Concello de Cangas presenta alegación indicando que esta parcela está incluída no Inventario de Bens Municipais. A Comunidade de Montes de Darbo reivindica primeiro o carácter veciñal da parcela, presentando contratos de varios operarios para facer traballos silvícolas, dos cales catro presentan declaración xurada de ter limpadado esta parcela, ademais de incluíla entre as que son alegadas como veciñais no PXOM. Pero de seguido alega que non se opón a que continúa sendo de titularidade municipal, o que de facto constitúe unha renuncia á solicitude da súa clasificación.

11- Que as parcelas denominadas **“Porteliña 1”** e **“Porteliña 2”** constan no catastro como pertencentes á Comunidade de Montes de Darbo, doce particulares e “en investigación”. O informe do Servizo de Montes indica que na primeira parcela hai matogueira con eucaliptos e sauces sen signos de outro uso e un antigo vertedoiro; e na segundo atopa o mesmo uso, matogueira con grupos de eucaliptos. A Comunidade de Montes alega que os eucaliptos son de rexenerado natural dunha corta feita pola comunidade hai anos e alega que hai unha plantación de castiñeiros de hai 15 anos, feito constatado polo instrutor do expediente nunha visita. A Comunidade de Montes de Darbo, nas súas alegacións, aporta contratos de varios operarios para facer traballos silvícolas, dos cales catro presentan declaración xurada de ter limpadado estas parcelas. Tamén as inclúe entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007. Ademais, presenta recortes de prensa sobre a celebración dunha Asemblea Xeral da Comunidade de Montes o 16 de febreiro de 2008 sobre a posible sinatura dun convenio cunha empresa para a instalación nestas parcelas dunha planta de biomasa. Por último presenta unha solicitude da Asociación de Veciños “Nós” en xullo de 2006 para que a Comunidade de Montes limpe estas parcelas, que se converteron nun vertedoiro de lixo.

Presenta alegacións un particular, Jesús Taboada Vega, adxuntando informe pericial, planos e escrituras de agrupamento de tres fincas, das cales dúas estarían situadas sobre o monte veciñal da parcela “Porteliña 1”. O informe do Servizo de Montes non fan referencia a estas fincas e non as singularizan, nin pola presenza de marcos, peches ou calquera outro signo, nin polo aproveitamento, que é o mesmo que o resto da parcela veciñal. O Catastro non recolle estas supostas fincas particulares, polo que non hai constancia certa de que a documentación presentada



pertenza a fincas incluídas nas parcelas solicitadas de clasificación. Por outra parte as cuestións de propiedade non son competencia do Xurado Provincial de clasificación de Montes Veciñais, polo que se desestimas estas alegacións.

Porén, en data do 24/11/2011 D. Jesús Taboada Vega presenta escrito complementario das alegacións na que reitera novamente o dominio e a posesión con carácter exclusivo das parcelas “Tomada do Souto” e “Tras La Rocha ou Alargo da Rocha” e que se superpoñen con parte da solicitada pola Comunidade de Darbo (Porteliña 1) mais nesta ocasión xustifica a súa pretensión acompañada de diversa documentación que evidencia que a posesión non ven sendo pacífica na parcela obxecto de clasificación por parte da CMVMC de Darbo (informe pericial no que comuneiros e veciños non recoñecen o carácter veciñal da parcela en cuestión, xustificante de venta de madeira da mencionada parcela ...)

12- Que as parcelas denominadas “Rocha de San Pedro 1” e “Rocha de San Pedro 2” son dúas parcelas case contiguas entre si e próximas ás anteriores “Porteliña 1” e “Porteliña 2”, coas que posiblemente no pasado formaran un único monte. A primeira delas consta no catastro como pertencente parcialmente a Manuel Lagoa Iglesias, feito corroborado polo Rexistro da Propiedade de Cangas, que sitúa nesta parcela unha casa rodeada dun extenso terreo, de tamaño moi superior ao da parcela solicitada de clasificación. Xa que logo, algún erro debe existir, porque o terreo e maila casa, rodeados cun muro que os circunvala, están situados ao leste da parcela solicitada, que se atopa de acceso libre e expedito, e recentemente limpa, como puido comprobar o instrutor na súa visita, inda que da documentación non se desprende que esta a ser aproveitada polos veciños. Pola súa parte a segunda parcela, “Rocha de San Pedro 2”, consta no catastro a nome da Comunidade de Montes, o Concello de Cangas e un particular. O informe do Servizo de Montes indica que a primeira parcela está ocupada por raso con matogueira, mentres a segunda é un cruce de camiños con cercados de antenas. Catro traballadores contratados pola Comunidade de Montes declaran ter limpado estas parcelas e a Comunidade de Montes as inclúe entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007. Tamén presenta copia do acordo de 1994 de cesión temporal dunha parte da parcela “Rocha de San Pedro 2” para a instalación de antenas parabólicas. E así mesmo presenta solicitude de Fenosa á Comunidade de Montes en 2009 para colocar punto de apoio LMT nestas parcelas.

13- Que a parcela denominada “San Antoniño” consta no catastro como pertencente á Comunidade de Montes de Darbo e un particular. O informe do Servizo de Montes indica que nesta parcela hai un rebrote de eucaliptos despois de incendio, con aproveitamento posterior da Comunidade de Montes de Darbo. Esta parcela está incluída entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007.

14- A parcela denominada “Monte de Santa Marta” consta no catastro con titularidade atribuída aos veciños de Cunchido, catro particulares e “investigación”. O informe do Servizo de Montes indica que a parcela está ocupada por vexetación rasa con rochas. A Comunidade de Montes de Darbo, nas súas alegacións, aporta contratos de varios operarios para facer traballos silvícolas, dos cales catro presentan declaración xurada de ter limpado esta parcela. Tamén a inclúe entre as que son alegadas como veciñais no PXOM no 2007. Así mesmo alega realizar unha limpeza anual, achegando fotografía de 2007.



En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e, o Xurado acorda por unanimidade:

CLASIFICAR como veciñais en man común as parcelas denominadas **Areamilla 1, Areamilla 2, Barreiras 8, Capela, Costa de Barreiras e Balea, Monte do Lagarto, Laxe Negra 1, Laxe Negra 2, Monte Piñeiro 1, Monte Piñeiro 2, Porteliña 2, Rocha de San Pedro 2, San Antoniño e Monte de Santa Marta**, a favor dos veciños da CMVMC de Darbo de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro por reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989.

CLASIFICAR PÁRCIALMENTE a parcela **Porteliña 1** a favor dos veciños da CMVMC de Darbo de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro pero deducindo a superficie da parcela que reclama D. Jesús Taboada Vega por resultar evidente a falta de acreditación por parte dos veciños solicitantes da clasificación do uso ou aproveitamento da parcela con carácter exclusivo, quedando evidenciada a conflictividade entre a citada CMVMC sobre a parcela coincidente coa mesma á que se opón o particular,

e **NON CLASIFICAR** como veciñal en man común as parcelas denominadas **“Outeiro”, “Duna de Santa Marta”, “Rocha de San Pedro 1” e “Aparcamiento”** por non reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, co voto en contra do vogal D. Xosé Carlos Morgade Martínez no que a está última parcela se refire.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



AREAMILLA 1. Parcela 162 polígono 50
0,36 ha.

AREAMILLA 2. Parcela 671 polígono 50
0,56 ha.

© D. G. del Catastro

Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como dí a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".



XUÑO-2012
ESCALA : 1/2.000

Nº de plano:
1 de 10.

AREAMILLA 1 E AREAMILLA 2
CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





XUÑO-2012
ESCALA : 1/1.000

Nº de plano:
2 de 10.


BARREIRAS 8
CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA

COSTA DE BARREIROS E BALEA.

Totalidade das parcelas 277, 278, 276, 352, 518 e parte da 279, todas do polígono 50.



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".



XUNO-2012
ESCALA : 1/2.000

Nº de plano:
4 de 10.

COSTA DE BARREIROS E BALEA
CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como dá a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".



XUÑO-2012
 ESCALA : 1/1.000
 Nº de plano:
 6 de 10.

LAXE NEGRA 1 E 2
 CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA

[Handwritten signature]





Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

E tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".

XUÑO-2012

Nº de plano:

ESCALA : 1/2.000

5 de 10.

100m. 0m. 50m. 100m.



[Handwritten signature in blue ink]



LAGARTO

CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.
 E tal e como dá a resolución: "CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".




XUÑO-2012
 ESCALA : 1/1.000

Nº de plano:
 7 de 10.

MONTE PIÑEIRO (Varias parcelas catastrales, ver resolución)
 CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".



XUÑO-2012
ESCALA : 1/2.000

Nº de plano:
8 de 10.

Porteliña 1, Porteliña 2 e Rocha de S. Pedro 2
CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





SAN ANTONIÑO. Parcela 174 Polígono 21
0,39 ha.


Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.
E tal e como dá a resolución: (N) CLASIFICACIÓN de acordo coa descrición reflectida no antecedente do folio terceiro



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".

[Handwritten signature in blue ink]



XUÑO-2012
 ESCALA : 1/2.000
 Nº de plano:
 10 de 10.

SANTA MARTA
 CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA


COSTA DE BARREIROS E BALEA.

Totalidade das parcelas 277, 278, 276, 352, 518 e parte da 279, todas do polígono 50.



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como dí a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro".



XUÑO-2012
ESCALA : 1/2.000

Nº de plano:
4 de 10.

COSTA DE BARREIROS E BALEA
CMVMC DE DARBO. CONCELLO DE CANGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA

